



CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

50 Aniversario

CURSOS DE ESPECIALIZACION

CURSO DE OBOE

Prof. Christian Schmitt

do 23 ó 25 de abril de 2007

Exposición de Oboes e Corno Inglés

RIGOUTAT



XORNADAS DE SAXOFÓN

Joel Versavaud

José Luis Miguélez

Pablo Beltrán

do 7 ó 11 de maio de 2007

II CURSO DE GAITA

Pedro Lamas

Iván Costa

do 3 ó 5 de Xullo de 2007

Auditorio Martín Códax

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Monte do Castro - VIGO

CURSO DE OBOE



CHRISTIAN SCHIMTT

Christian Schimtt naceu en 1.965. Estudou no Conservatoire National Supérieur de Musique de Lyon e a Staatliche Hochschule für Musik de Karlsruhe. Tras perfeccionar a súa Técnica instrumental con grandes Mestres de Oboe tales como Thomas Indermuhle, Maurice Bourgue e Heinz Holliger, destacou nos Concursos Internacionais de Praga e Tokio, e en 1.992, a Fördergemeinschaft (Fundación Cultural Europea) de Friburgo concedeulle o 1º Premio en Música. Oboe Solista na Orquesta Sinfónica de Basilea, tamén se adica ó Repertorio de Música

de Cámara de forma moi notable co “Schweizer Bläserquintett”. Tamén da concertos adicados ó repertorio de Sonatas a menudo xunto con Masterclases. Co Pianista Joseph Nykiel gravou dous Cd’s: un deles “Hautbois Français” esta adicado ós compositores franceses do S. XX, e o outro a pezas románticas do S. XIX. Ademais da súa actividade como Solista, Christian Schimtt imparte clases na Staatliche Hochschule für Musik de Karlsruhe como axudante do Profesor Thomas Indermuhle e durante varios anos organizou na Ecole Nationale de Musique de Montbéliard (Francia), xunto co seu Director J. Clos, unha clase de perfeccionamento dirixida a estudantes franceses e estranxeiros de nivel Profesional.

HORARIO

Día 23 Luns:

de 10,00 a 14,00	Clases individuais 1 hora.
16,00 a 18,00	Clases Individuais 1 hora.
18:30 a 19:30	Conferencia do Sr. Philippe RIGOUTAT.

Día 24 Martes:

de 9,00 a 14,00.	Clases individuais 1 hora.
16,00 a 19,00	Clase de canas.

Día 25 Mércores:

de 9,00 a 13,00	Clases individuais de 1 hora.
13,00 a 14,00	Clase colectiva
14,00 horas	Entrega de Diplomas.

EXPOSICIÓN:

Durante todo este curso haberá unha exposición da Firma de Oboes francesa RIGOUTAT na que poderemos probar os seus diferentes Oboes e Cornos Inglés, contando tamén coa presenza do Presidente da marca SR. Philippe RIGOUTAT.

ORGANIZA:

Departamento de Vento-Madeira do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

COLABORAN:

RIGOUTAT (París) - Musical Vigo - Musical Pontevedra - Conservatorio Superior de Música de Vigo.

MATRÍCULA:

Alumnos activos (1 hora clase individual + 2 colectivas + Conferencia): 120 € (Máximo de 15 Alumnos activos)

Alumnos oíntes (asistencia ás clases individuais + 2 colectivas + Conferencia) 60 €

INSCRIPCIÓN:

Antes do día 12 de Abril de 2007, cubrindo o boletín que se adxunta e mai-lo xustificante de ingreso bancario.

XORNADAS DE SAXOFÓN



JOEL VERSAUAUD.

Profesor de saxofón. Nace en 1973 na Creuse e vive dende 2002 en Marsella. Dende moi temprana idade aminado por Jean-Michel Goury estudia no CNR de Burdeos con Jean-Marie Londeix e Marie-Bernadette Charrier, obtendo por unanimidade o premio da clase profesional de saxofón e o primeiro premio de música de cámara de música contemporánea. Foi finalista no Concurso Internacional de Burdeos en 1996. Unha dobre

actividade como concertista e pedagogo (profesor no conservatorio de Marssella) desenvolvida como solista, música de cámara e con electrónica. Foronlle dedicadas unha decena de obras, graba para Maguelone os Nove Estudos para saxofons de Christian Lauba (2000), e o albus Mai Solo (2006). Participou no seno de diversas formacions en Marsella (GMEN, GRIM, Ópera, Musicatreize, Télémateque, Symbléma, La Meson...) ou parisinas (CDMC, CNSM, GRM) e deu concertos e master classes en EEUU, Japon, Canadá, e en festivales, conservatorios e universidades de toda Europa. Mais información en joelversavaud.com

XOSÉ LUÍS MIGUÉLEZ SAÍNZA

Saxofonista. Comeza a súa andaina, dende moi temprana idade, vinculado á música tradicional galega á música de Vigo", neste mesmo centro imparte a disciplina de "Iniciación ó Jazz". Salientar que, no pasado mes de novembro de 2006, convertiuse no primeiro titulado superior en "Instrumentos da música tradicional galega" polo "Conservatorio superior de música de Vigo". Aínda que afeccionado dende moito antes, empeza a estudar jazz no ano 97 dentro das escolas, "Baio-ensemble" de Vigo e, posteriormente na, "Escola de música creativa Drops" de Santiago de Compostela nas que continúa ata o ano 02. Un ano máis tarde acada unha das dúas prazas ofertadas para cursar estudos como saxofonista na

Licenciatura en Jazz performance- dentro da Universidade de Oporto pola Esmae: Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo. Na actualidade cursa o 4º e último curso dentro desta escola onde ten a oportunidade de recibir clases dalgúns dos jazzistas máis importantes de Portugal como; Mario Santos, José Luís Rego, Jeffery Davis, Carlos Azevedo, Laurent Filipe, Pedro Guedes, Michael Lauren ou Nuno Ferreira entre outros. Ao mesmo tempo forma parte do combo avanzado da "Aula de jazz do concello de A Coruña", dirixido por Scott Stroman e José Acuña. Paralelamente viaxa regularmente, dende comezos do 05, a Londres onde estuda cos saxofonistas; Tim Garland , (Chick Corea's Origin) e Jean Toussaint (Art Blakey`s Jazz Messengers 82-86).

PABLO BELTRÁN SOBRADO.

Profesor de análise. Nace en Vigo en 1970. Obtén os Títulos Superiores de Solfeo, Teoría, Transposición e Acompañamento, Piano e Música de Cámara no Conservatorio Superior de Música de Vigo. No Conservatorio Superior de Música de Vigo obtén tamén o Título Superior de Composición e Orquestación. Estudiu composición co profesor Carlos Cambeiro, terminando os seus estudos (os dous derradeiros anos) co profesor e director de orquestra Juan Trillo Pérez no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Asistiu a diversos cursos de composición do século XX-XXI, donde recibiu clases de diversos compositores tales como Carles Ginovart, Román Alís, Mathias Spahlinguer e Albert Sardá. Tamén asistiu os cursos del CDMC (Centro para la Difusión de la Música Contemporánea) en Madrid entre os anos 1999-2001. Fora do campo da composición realizou outros moitos cursos con personalidades destacadas como Jos Wuytack, Verena Maschat, Polo Vallejo, Fernando Palacios, Jose Fernández, Luis de Moura, Julios Andrejevas, Rimas Zdanavicius, Piter Bithel, Joseph Colom, Charles Rosen y James Ross. Participa como compositor no concerto didáctico de música contemporánea en Goian (verano de 2004), así como nas suas edicións (2005) nos conservatorios de música de Lugo e Santiago de Compostela, así como no Ateneo de Barcelona estreando o seu quinteto de vento. Dende 1999 traballa no Conservatorio Superior de Música de Vigo como profesor superior de Armonía, Contrapunto y Composición. Nestas xornadas de saxofón desenvolveranse actividades tales como concertos, clases maxistrais, análise, conferencias, exposicións

Aínda que están dirixidas, en principio, a saxofonistas poderán optar outros instrumentistas interesados en algunha das actividades.

CLASES MAXISTRAIS: Saxofón e Música de Cámara. Profesor: Joel Versavaud

HORARIOS: Mércores, xoves e venres en horario de mañán de 10:00 a 14:00 e de tarde de 16:00 a 20:00

CONFERENCIA: A evolución do saxofón na historia do Jazz: audicións comentadas, análise de solos, exemplos prácticos, discografía básica
Ponente: Xosé Luís Miguelez

HORARIO: Luns en horario de tarde de 17:00 a 20:00

ANÁLISE DE PARTITURAS:

Sonata..... P. Hindemith
(sax. alto e piano)
konzerstück..... P. Hindemith
(dous saxos altos)
Profesor: Pablo Beltrán

HORARIO: martes en horario de tarde de 17:00 a 20:00.

A matrícula formalizarase nas oficinas do Conservatorio Superior de Música de Vigo, en horario de oficina de 9:00 a 13:00, de luns a venres, presentando resgardo bancario ou enviándoo por fax, xuntando o boletín de inscrición.

PREZOS: Alumnos Activos 100 €

(16 alumnos activos, por riguroso orden de matriculación)

Alumnos Oíntes 40 €

II CURSO DE GAITA



PEDRO LAMAS (Cecebre, 1978).

Gaita e saxo soprano

Membro fundador do prestixioso grupo de música tradicional 'Lelia Doura', na actualidade desempeña a súa faceta como gaiteiro e compositor no quinteto de música tradicional 'Os 7 estalos' e no cuarteto 'Luvas Verdes', co que ven de publicar o seu primeiro traballo discográfico baixo o título de 'Fandango desesperado' (NGD Música, 2005). Posúe un dos curriculumms máis

galardoados do mundo da música tradicional, acumulando máis de cincuenta premios no seu haber. Estudia harmonía con Suso Atanes, arranxos e composición con Abe Rábade e saxo con Roberto Somoza e Carlos Averhoff. Amáis de formar parte da compañía Nova Galega de Danza ('Alento', NGD Música, 2005) colabora habitualmente con outras formacións como compositor/arranxista e/ou instrumentista. Entre as súas gravacións cóntanse distintas Edicións do Concurso de Gaita "Constantino Bellón" e varias publicacións coas súas composicións nos libros "Doce Polainas Enteiros" e "De Pano Sedán" (Edicións do Cumio).



IVÁN COSTA BLANCO.

Naceu en Moaña (Pontevedra) en 1971, onde aprendeu a tocar a gaita. Tivo diferentes mestres pero foi Nazario González (Moxenas) quen o iniciou no toque tradicional tanto "aberto" como "pechado". Entre os anos 1990 e 2001 participou en numeros certames de gaiteros chegando a gañar a maioría deles. A destacar: Premio Mac Allan, premio Constantino Bellón, concurso de Soutelo de Montes, concurso Ricardo Portela, concurso de A Estrada, concurso de Ponteareas...

Tanto coa gaita coma co seu segundo instrumento (a zanfona) ten participado en numerosas agrupacións ou espectáculos e ten colaborado en varias producións discográficas: Orquesta Nacional de Escocia, banda sonora de “As viaxeiras da Lúa”, reinterpretación das “Cantigas de Santa María” por Antoni Rossell...actualmente é membro dos grupos Orquestra folc SonDeSeu e Trebón. En 2006 editase o seu primeiro CD en solitario co nome de Ávrego, un traballo que aporta melodías tradicionais e mais composicións propias no que o autor é ao tempo intérprete de tódolos instrumentos que soan no disco.

Impartido por:	PEDRO LAMAS e IVÁN COSTA
Duración:	20 horas
Data:	3, 4 e 5 de Xullo
Lugar:	Conservatorio Superior de música de Vigo
Horario:	Martes de 10 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 Mércores de 10 a 13:30 e de 16:00 a 19:30 Xoves de 10 a 13:30 e de 16: a 19:00
Precio:	Alumno activo: 60 € (máximo 12 alumnos) Alumno oínte: 25 € (con participación nos talleres colectivos)

CONTIDOS

- TRABALLO DE REPERTORIO CO AUTOR
 - O alumno poderá traballar individualmente pezas que teña preparadas, pezas que propoña o autor e mesmo repertorio de nova creación
- TALLER DE AFINACIÓN (Pedro Lamas)
 - Compensación do punteiro
 - Afinación xusta / temperada
 - Afinación de intervalos entre varias gaitas
 - Afinación da gaita con outros instrumentos
 - Tipos de escalas ...
- TALLER DE MUSICA TRADICIONAL (Iván Costa)
 - Ritmos
 - Danzas
 - Ornamentación
 - Grabacións antigas
 - Recollida

BOLETIN DE INSCRIPCIÓN CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN 2007

Nome Apellidos:

Enderezo:

Poboación C.P. Teléfono:

Data de nacemento: Correo electrónico

Nivel de Estudos: Centro

Curso no que se matricula: Modalidade: ☐ Activo ☐ Ointe

Data e sinatura

NOTA: Este boletín deberá entregarse (ou por fax: 986 481807) acompañado do xustificante de ingreso de cuota de inscripción en CAIXANOVA n.º de cta. 2080 - 0132 - 18 - 0040006898

COLABORAN:

RIGOUTAT (PARIS)



Telf./fax: 986 242 591
C/. Fotógrafo Ángel Llanos, 1
36209 VIGO



Telf/ fax: 986 411 880
C/. Romil, 46 (Esquina C/ Camelias)
36202 VIGO



Telf: 986 86 56 77 - Fax: 986848318
C/. Jofre de Tenorio, 4 - 36002 PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA



CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

C/. Manuel Olivie, 23
Teléfono 986 47 11 44 - Fax 986 48 18 07
36203 VIGO